

Literatura Galega Contemporánea

DOCENTE EXTERNO: Ánxela Rodríguez Rodríguez

Nº DE CRÉDITOS: 3

INTRODUCCIÓN:

Na materia “Literatura Galega Contemporánea” estudaranse os autores e autoras que publicaron en lingua galega a súa produción nos tres xéneros canónicos (narrativa, poesía e teatro) desde 1975 ata a actualidade. Contextualizaranse os autores e autoras máis recoñecidos pola crítica e o público e precisaranse os trazos definatorios da súa escrita e das súas obras máis destacadas, que se constatan nos fragmentos textuais seleccionados para a súa lectura e comentario na aula.

OBXECTIVOS:

Practicar a fala e a escrita en lingua galega (valorarase o contido e non se rebaixará a puntuación por descoñecer a normativa vixente).

- Reforzar e ampliar os coñecementos do alumnado sobre a Literatura Galega Contemporánea (a publicada desde a posguerra á actualidade).
- Seleccionar os autores e autoras e obras máis representativos desde a posguerra á actualidade.
- Identificar as características definatorias de cada autor e autora estudados e de cada obra salientada.
- Dialogar criticamente sobre autores e autoras e obras que o alumnado aínda non lera.

COMPETENCIA:

- Mellorar as habilidades comunicativas en lingua galega, tanto na fala coma na escrita.
- Rememorar os coñecementos previos sobre a Literatura Galega Contemporánea.
- Reforzar a capacidade de síntese do alumnado á hora de analizar e investigar, na breve proba escrita final da materia, dos contidos recibidos na aula.

Analizar o máis sorprendente e o menos relevante na historia da obra ou obras que elixirán, con total liberdade, entre as publicadas orixinalmente (non se admiten traducións) en galego entre 1975 e a actualidade.

- Condensar de forma clara e reflexiva nun traballo escrito (a modo de análise comparativa dos aspectos que considere relevantes o alumnado), tras a lectura dunha obra ou obras que elixirá, con total liberdade, entre as publicadas orixinalmente (non se admiten traducións) en galego desde a 1975 á actualidade.

CONTIDOS

A Literatura Galega desde 1975 á actualidade

1) Contexto sociohistórico.

2) Narrativa.

-A xeración de 1975 Víctor Freixanes, Carlos Casares, Paco Martín, Marina Mayoral, Alfredo Conde, Xavier Alcalá, Carlos G. Reigosa, Darío Xohán Cabana, Suso de Toro, Ramón Caride, Manuel Rivas.

-A narrativa dos anos 80: Suso de Toro, Manuel Rivas.

-A narrativa dos anos 90.

-A narrativa galega actual.

-A Literatura Infantil e Xuvenil.

3) Poesía.

- A poesía dos anos 80:

-A poesía dos anos 90.

-A poesía galega actual

4) Teatro:

-Breve panorámica de autores e autoras e obras: Manuel Lourenzo, Roberto Vidal Bolaño, Cándido Pazó, Xavier Lama, Raúl Dans e Quico Cadaval.

METODOLOXÍA

Abordarase a Literatura Galega Contemporánea desde un enfoque comparativo, no que se incidirá no contexto sociopolítico e cultural que condiciona a cada autor e que inflúe na súa obra literaria, e na análise filolóxica e crítica do autor e da súa produción literaria.

Ademais, se é factible, realizaranse clases prácticas (en fundacións de autores, por exemplo, a Fundación Carlos Casares, para coñecer de primeira man a súa bibliografía, as súas obras de consulta e os seus referentes, entre outros aspectos) e saídas (se o alumnado ten dispoñibilidade para asistir) a fundacións de autores destacados (abordados no programa da materia ou outros autores pertencentes ás mesmas unidades xeracionais ou que sigan as liñas estilísticas abertas polos autores máis recoñecidos pola crítica e polo lectorado); a exposicións sobre autores e/ou as súas obras, a representacións teatrais, pictóricas, fotográficas ou outra manifestación artística que versen sobre autores en lingua galega; a presentacións de libros; a conferencias e/ou a cursos sobre autores, temas ou obras tratadas por autores recoñecidos en lingua galega, entre outras posibles actividades que se celebren durante o segundo trimestre. Se non fose posible realizar estas prácticas en horario lectivo, ofrecerase información ao alumnado para que poda realizalas no seu tempo de lecer.

SISTEMA DE AVALIACIÓN

Para aprobar a materia “Literatura Galega Contemporánea” é obrigada a asistencia ao 80% das clases impartidas. O alumnado debe avisar na aula ou por correo electrónico das ausencias non xustificadas. As xustificadas son só por causa médica ou semellantes (non preciso a entrega ou envío de ningún certificado médico).

O alumnado compensará as ausencias non xustificadas coa participación activa na aula, a exposición oral e o traballo escrito.

A nota final (100%) será a suma dos seguintes parámetros:

- a participación activa na aula (un 30% para a nota final),
- unha proba escrita (pode sumar un 30% para a nota final) na que o alumnado demostrará ter comprendido os contidos explicados na aula.
- a lectura dunha obra ou dalgún capítulo de obras publicadas orixinalmente (non se admiten traducións) en castelán dos séculos XX e XXI, valorando que aspectos lle sorprenderon gratamente do libro e cales lle resultaron pouco relevantes. Ou a elaboración dun traballo escrito sobre algún tema proposto ou traballado na aula ou sobre algún libro suporá o 30% restante.

O alumnado debe entregarme unha copia en papel do seu traballo. Extensión máxima do traballo: 5 folios, Interliñado 1,5 cm, Letra Arial, 12 puntos, Zustificado (se se realiza cun programa informático) ou 5 folios a man, con caligrafía lexible.

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

Bibliografía primaria das edicións que posúen un estudo crítico das obras que se analizarán con maior atención na aula.

E así mesmo, as seguintes historias e dicionarios da literatura:

Fernández del Riego, Francisco (1995). Historia da Literatura. Vigo: Editorial Galaxia.

GLIFO (1998). Dicionario de termos literarios (a-d). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, <http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=DITERLI> [Consulta: 2 abril 2022].

GLIFO (2003). Dicionario de termos literarios (e-h). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, <http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=DITERLI> [Consulta: 2 abril 2022].

Roig Rechou, Blanca-Ana (1996). A Literatura Galega Infantil. Perspectiva diacrónica, descrición e análise da actualidade. Santiago de Compostela: Universidade, Servicio de Publicacións e intercambio científico. Teses en microficha. N.º 578.

Roig Rechou, Blanca-Ana (2002a). “La Literatura Infantil y Juvenil en Galicia”/“A Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia”. En Darío Villanueva Prieto e Anxo Tarrío Varela (coords.), La Literatura desde 1936 hasta principios del siglo XXI: Narrativa y traducción/A literatura dende 1936 ata principios do século XXI: Narrativa e traducción. A Coruña: Hércules Ediciones, Vol. XXXIV, cap. 8, 382-501.

Roig Rechou, Blanca-Ana (2005). “Literatura infantil e xuvenil en Galicia: dos inicios á consolidación”. En Gemma Lluch e Blanca-Ana Roig Rechou, Para entenderte mellor. As literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico. Boletín Galego de Literatura. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, n.º 32 (2º semestre 2004), 141-167, <http://hdl.handle.net/10347/2056> [Consulta: 2 abril 2022].

Roig Rechou, Blanca-Ana (Coord.) (2015). Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Tarrío Varela, Anxo (1994). Literatura galega: Aportacións a unha Historia crítica. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Tarrío Varela, Anxo (Coord.) (2000). Proxecto Galicia. Literatura. A Coruña: Hércules de Ediciones.

Vilavedra, Dolores (Coord.) (1995). Dicionario da Literatura Galega I. Autores. Vigo: Editorial Galaxia.

Vilavedra, Dolores (1997). Dicionario da literatura galega II. Publicacións periódicas. Vigo: Editorial Galaxia.

Vilavedra, Dolores (2003). Dicionario da literatura galega III. Obras. Vigo: Editorial Galaxia.

Vilavedra, Dolores (2004). Dicionario da literatura galega IV. Termos e institucións literarias. Vigo: Editorial Galaxia.

Bibliografía secundaria

Agra [Pardiñas], María Jesús, Carmen Franco Vázquez e Blanca-Ana Roig (2010). “Texto-imagen: A lingua das bolboretas de Manuel Rivas”, en Susana Pérez Pico y Manuel A. Candelas Colodrón. Diálogos intertextuales 4: Discursos (audio)visuales para un receptor infantil y juvenil. Estudios de literatura infantil y juvenil: medios audiovisuales. Frankfurt am Main: Peter Lang GmbH. Internationaler Verlag der Wissenschaften. [15]-23.

Fernández Vázquez, Mar (2017a), “O mundo eclesiástico na obra casariana”, en Armando Requeixo (Ed.), Sobre letras e signos. Estudos en homenaxe a Anxo Tarrío, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 11 marzo 2017, 789 pp. (ISBN: 978-84-453-5251-9), pp. 337-346.

Fernández Vázquez, Mar (2017b), “De letras: Carlos Casares”, en Mar Fernández-Vázquez (coord.), De letras e de imaxes nas aulas de Primaria, ilustr. da capa Francisco Javier Cabo Villaverde, A Coruña/Santiago de Compostela: Hércules de Ediciones/ Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, col.

Bibliodidáctica, n.º 2, “Educación literaria”, 2018, 237 pp. (ISBN: 978-84-949176-3-9), pp. 33-50.

Figueroa, Antón (2001). Nación, literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

González-Millán, X. (1994). Literatura e sociedade en Galicia (1975-1990). Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

López Sáñez, María (2008). Paisaxe e nación. A creación discursiva do territorio. VII Premio Ramón Piñeiro. Vigo: Editorial Galaxia.

Lourenzo, Manuel e Francisco Pillado Mayor (1979). O teatro galego. A Coruña: Edicións do Castro.

Nogueira Pereira, María Xesús (2005). Estratexias narrativas na obra de Cunqueiro. Santiago de Compostela: Universidade. Facultade de Filoloxía. Departamento de Filoloxía Galega. Tese de doutoramento.

Nogueira Pereira, María Xesús (2009). Soñadores e familia. Os personaxes na narrativa de Álvaro Cunqueiro. Santa Comba: TresCtres Editores.

Rodríguez, Francisco, Claudio Rodríguez Fer, Francisco Salinas Portugal, Francisco Pillado Mayor, Manuel Lourenzo e Xosé María Dobarro Paz (1985). A nosa literatura: unha interpretación para hoxe (II). A Coruña: Edicións Xistral.

Roig Rechou, Blanca-Ana (Coord.) (1996-2019). Informe de Literatura. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. (CD-ROM e www.cirp.es/rec2/informes/) [Consulta: 2 abril 2022].

Roig Rechou, Blanca-Ana (2002b). “Literatura infantil e xuvenil. Carlos Casares in memoriam (1942-2002)”, en Revista Galega do Ensino, “O pracer de ler”, nº 35 (maio 2002), 235-243.

Roig Rechou, Blanca-Ana (2004a). “O contexto”. En Carlos Casares, As laranxas máis laranxas de todas as laranxas. Versión e dirección de José Caldas. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/IGAEM, col. Centro Dramático Galego, n.º 33, 38-105.

Roig Rechou, Blanca-Ana (2008a). La Literatura Infantil y Juvenil Gallega en el siglo XXI. Seis llaves para entenderla mejor/ A Literatura Infantil e Xuvenil Galega no século XXI. Seis chaves para entendela mellor. Madrid/Santiago de Compostela: Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil/Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural. Consellería de Cultura e Deporte).

Roig Rechou, Blanca-Ana (2008b). “Memorias dun neno labrego y la obra de Xosé Neira Vilas”. En Ana Pelegrín, M^a Victoria Sotomayor, Alberto Urdiales (eds.), Pequeña memoria recobrada. Libros infantiles del exilio del 39. Madrid: Ministerio de Educación, Política Social y Deporte (Secretaría General Técnica. Subdirección General de Información y Publicaciones), 155-167.

Roig Rechou, Blanca-Ana (2009). “La aportación decisiva de Carlos Casares a la Literatura Infantil y Juvenil”, en Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (AILIJ), n.º 7 (2), 117-137.

Roig Rechou, Blanca-Ana (2010). "Uxío Novoneyra: identidade e soños". En Anxo Tarrío Varela (ed.), *Uxío Novoneyra. Día das Letras Galegas 2010*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 83-97.

Roig Rechou, Blanca-Ana e Mar Fernández Vázquez (2017), "Carlos Casares, un clásico contemporáneo da LIX galega", en Luís Cochón, Luís Alonso Girgado e Laura Piñeiro Pais (eds.), *Homenaxe a Carlos Casares. De amicitia*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. *Cadernos Ramón Piñeiro (Cadernos galegos de pensamento e cultura)*, vol. XXXVII, maio 2017, 534 pp. (ISBN: 978-84-453-5258-8), pp. 391-405.

Roig Rechou, Blanca-Ana e Isabel Soto López (2013). "Os premios literarios e de ilustración na Literatura Infantil e Xuvenil galega". En Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez (coord.), *Premios literarios e de ilustración na Literatura Infantil e Xuvenil*. Vigo/Santiago de Compostela: Edicións Xerais de Galicia / LIJMI, 153-176.

Tarrío Varela, Anxo (1989). *Álvaro Cunqueiro ou os disfraces da melancolía*. Vigo: Editorial Galaxia/ (2014) *Álvaro Cunqueiro y los disfraces de la melancolía*, Porto: Tropelias&Companhia. 2ª ed. revisada, ampliada e actualizada.

Tarrío Varela, Anxo (2003). "A obra narrativa de Carlos Casares", en *Revista galega do ensino*. 38. 115-145.

Tarrío Varela, Anxo (2007). "Espazos culturais e literatura na Galicia contemporánea", en *Boletín Galego de Literatura*, n.os 36-37 (2º semestre 2006/1º semestre 2007), "Estudos/Studies", 169-198.

DOCENTE USC: Jose Carlos Otero

Introducción á Zooloxía

Nº DE CRÉDITOS: 3

INTRODUCCIÓN:

A zooloxía actual é unha ciencia eminentemente evolutiva que permite explicar a enorme diversidade animal existente no pasado e na actualidade, e as adaptacións que os animais presentan ao medio no que viven.

OBXECTIVOS: Proporcionar aos estudantes coñecementos básicos sobre:

- A orixe e evolución dos animais
- Estrutura e función básicas dos organismos animais
- Clasificación, principais liñas evolutivas e adaptacións máis importantes dos distintos grupos

COMPETENCIA (se procede):

- Conceptos básicos de zooloxía dende unha perspectiva evolutiva

CONTIDOS

Orixe e diversidade dos seres vivos: a evolución biolóxica

Concepto de especie e mecanismos de especiación

Concepto de animal

Sistemas de clasificación biolóxica

Taxonomía e nomenclatura animal

Reproducción e desenvolvemento dos animais

Estrutura dos animais: forma e función

METODOLOXÍA

Para as clases teóricas, as explicacións do profesor apoiaranse en material visual (diapositivas). Todo o material estará a disposición dos alumnos a través dunha aula virtual.

SISTEMA DE AVALIACIÓN

Valorase a asistencia e a participación dos estudantes no desenvolvemento das clases e outras actividades.

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

HICKMAN, C.P. et al. 2021. Principios Integrales de Zoología, 18ª edición. Edra, Zaragoza.

DÍAZ, J.A. y SANTOS, T. 1998. Zoología. Aproximación evolutiva a la diversidad y organización de los animales. Editorial Síntesis. Madrid.

OBSERVACIÓNS

ASISTENCIA A CLASE

O Consello de Goberno de 25 de marzo de 2010 aprobou a Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES

(<http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/normaasistenclase.pdf>).

Na mesma expóñense os beneficios da asistencia á clase, entre eles facilita unha “mellor comprensión da materia, a adquisición de competencias en grupos e individuais, a aprendizaxe continua, a interacción directa con outros alumnos e alumnas ou a posibilidade dunha metodoloxía docente-discente máis participativa”. Cabe lembrar que a USC é unha universidade presencial, polo que a asistencia a un mínimo do 80% das sesións de clase é obrigatoria. Nos casos contemplados na normativa da Facultade, os/as alumnos/as poderán solicitar exención oficial de docencia.

ENTREGA DE TRABALLOS. Os traballos realizados polo alumnado deben entregarse, preferentemente, a través da aula virtual.

RESPONSABILIDADE MEDIOAMBIENTAL En relación aos traballos persoais ou de grupo que se realicen para a materia cómpre ter en conta as seguintes indicacións: - Evitar tapas de plástico ou outros envoltorios externos innecesarios. - Sempre que sexa posible, empregar grampas en lugar de encanutillados. - Imprimir a dúas caras en calidade “aforro de tinta”. - Non empregar folios en branco como separadores de capítulos ou partes. - Evitar anexos que non teñan referencia directa cos temas desenvolvidos.

PERSPECTIVA DE XÉNERO: En atención a criterios de igualdade de xénero no ámbito universitario, recoméndase facer uso da linguaxe non sexista tanto no traballo cotiá de aula como nos traballos académicos encomendados.

CONTA RAI: É obrigatorio que o alumnado faga uso da conta de correo rai.

FERRAMENTAS TECNOLÓXICAS INSTITUCIONAIS: É obrigatorio o uso das ferramentas tecnolóxicas institucionais: Campus Virtual, Microsoft Office 365, e outras ferramentas facilitadas pola facultade e autorizadas como ferramentas institucionais pola USC.

USO DO TELÉFONO MÓBIL: Non se poderá empregar o teléfono móbil, salvo cando se use como instrumento de traballo seguindo as indicacións dadas polo equipo docente, responsabilizándose o alumnado das consecuencias legais e académicas que poidan derivarse dun emprego non axeitado do mesmo.

PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE: Ter en conta que o proceso de ensino-aprendizaxe (clases / titorías) é de carácter privado. Neste senso, enténdese que se trata dun acto de comunicación e intercambio entre o/a docente e o estudiantado matriculado na materia.

PROTECCIÓN DE DATOS: No referido á protección de datos a normativa de referencia pode ser consultada no seguinte enlace: <https://www.usc.gal/es/politica-privacidad-proteccion-datos>.

NOTA: “Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións”.

COORDINADOR USC: Rafael Villar Suárez

TÍTULO DA MATERIA: **Informática Básica**

Nº DE CRÉDITOS: 3

CENTRO (FACULTADE/ESCOLA): Ribeira / Vilagarcia, AULA CEMIT

AULA*: AULA CEMIT

INTRODUCCIÓN:

Coñecementos básicos de informática: sistemas operativos, utilidades, elementos dun ordenador,...; e de internet: navegadores, clientes de correo electrónico, a nube, redes sociais; e ferramentas ofimáticas; intelixencia artificial; certificado dixital

OBXECTIVOS:

- ☒ adquirir os coñecementos básicos do software dun computador
- ☒ coñecer os distintos dispositivos de entrada e saída dun sistema informático.
- ☒ utilizar as redes de información: internet, correo electrónico, procura de información,...
- ☒ aprender os elementos fundamentais de traballo das aplicacións ofimáticas.
- ☒ coñecer e utilizar ferramentas de intelixencia artificial: Copilot e ChatGPT
- ☒ utilizar un certificado dixital

COMPETENCIA (se procede):

- ☒ desenvolvemento das operacións principais do sistema operativo Windows 10:
 - o localizar a barra de tarefas, o menú de inicio de windows, diferenciar un atallo dun ficheiro, manexo do explorador de arquivos, xestión con cartafolios e ficheiros,
- ☒ utilización práctica de dispositivos de almacenamento: pendrives, a nube.
- ☒ navegación por internet: abrir diferentes navegadores con varias pestanas; diferenciar entre un navegador e un motor de búsqueda.
 - o coñecemento das aplicacións corporativas da USC: campus virtual, a nube da USC, secretaría virtual.
- ☒ uso das aplicacións de ChatGPT e Copilot
- ☒ elaboración dun documento de texto en word/writer, ...
 - o utilizar os formatos de carácter, de parágrafo, de sección e de páxina
 - o incluír encabezados e pes de páxina, números de páxina, saltos de páxina

- o inserción de imaxes, táboas.
- o aplicar estilos de título: título 1, título 2, título 3 a un documento con capítulos
- o creación dunha táboa de contidos ou índice, insertar portada
- ☒ uso do programa de autofirma; conexión a un servizo web con identificación ou certificado dixital: DNI 3.0, Chave365, e certificado de software

CONTIDOS

Bloque de contidos I:

Familiarización co Sistema Operativo. Emprego de ventás.

Manipulación de programas e utilidades do sistema (editores de texto, calculadoras, imaxes, ...).

Xestión de arquivos e cartafoles. Tipos de arquivos.

Compoñentes básicos dun ordenador: principais compoñentes, periféricos, dispositivos de almacenamento

Bloque de contidos II:

Xestión de arquivos e cartafoles

Manipulación do sistema de arquivos en dispositivos de almacenamento externos

Instalación e configuración de programas

Panel de control e a configuración do sistema.

Bloque de contidos III:

A rede Internet: introducción.

Os navegadores (navegadores máis empregados). Procura de información e servizos da Rede. (entradas, viaxes, reservas, consultas administrativas).

Almacenamento de información na nube da USC: Microsoft 365.

Aplicacións de IA: ChatGPT e Copilot .

O correo electrónico. Creación e configuración dunha conta.

Bloque de contidos IV:

Edición de textos con Word/Writer: O entorno e configuración básica; Instrumentos básicos de traballo, Formatos básicos, A selección de textos, O copiado e pegado;

Edición de textos con Word/Writer: Configuración de párrafos, aliñamentos, espazamentos; Configuración de páxina e saída a impresión.

Edición de textos con Word/Writer: inserción de imaxes e creación de táboas sinxelas.

Bloque V:

Certificados electrónicos: DNI electrónico 3.0, Chave365, FNMT.

O emprego dos certificados de usuario, DNI-e e certificados de software.

A administración electrónica. Sede electrónica.

METODOLOXÍA

Aprendizaxe significativa e practica dos coñecementos impartidos ao longo de todo o curso:

- O curso se desenvolverá a través de clases presenciais de xeito teórico-expositivo e práctico-interactivo.
- Os contidos de carácter práctico serán expostos polo profesor e seguidamente desenvolvidos polo alumno, interactuando con cada un deles que o precise ata que todos consigan o obxectivo.

Resumo básico e ilustrativo de todas as unidades do programa desenvolvidas.

Emprego da aula virtual no Campus Virtual da USC con resumos, actividades e exercicios propostos para a súa resolución, e cuestionarios de autoevaluación:

- Cuestionarios de coñecementos iniciais.
- Exercicios de clase
- Cuestionarios-xogos coa plataforma Kahoot ou similar.

Se procede, uso da aplicación Teams:

- Entrega de tarefas no equipo da materia.

Interacción profesor-alumnos.

SISTEMA DE AVALIACIÓN

Avaluación continua (40% da nota final): asistencia, prácticas, exercicios diarios na aula (e fóra dela se os alumnos o demandan), e interese amosado en clase.

Exame tipo test na aula virtual (ou proba escrita se fose necesario) (60% da nota final):

- Preguntas tipo test cun enunciado que pode ser verdadeiro ou falso.
- As respostas falladas non descuentan puntos
- Non hai puntuación mínima no exame para aprobalo.

A puntuación final obterase de sumar o nota obtida no 40% mais a nota obtida no 60%, e o aprobado estará en 5 puntos.

OBSERVACIÓNS

ASISTENCIA A CLASE

O Consello de Goberno de 25 de marzo de 2010 aprobou a Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES

(<http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/normaasistenclase.pdf>).

Na mesma expóñense os beneficios da asistencia á clase, entre eles facilita unha “mellor comprensión da materia, a adquisición de competencias en grupos e individuais, a aprendizaxe continua, a interacción directa con outros alumnos e alumnas ou a posibilidade dunha metodoloxía docente-discente máis participativa”. Cabe lembrar que a USC é unha universidade presencial, polo que a asistencia a un mínimo do 80% das sesións de clase é obrigatoria. Nos casos contemplados na normativa da Facultade, os/as alumnos/as poderán solicitar exención oficial de docencia.

ENTREGA DE TRABALLOS. Os traballos realizados polo alumnado deben entregarse, preferentemente, a través da aula virtual.

RESPONSABILIDADE MEDIOAMBIENTAL En relación aos traballos persoais ou de grupo que se realicen para a materia cómpre ter en conta as seguintes indicacións: - Evitar tapas de plástico ou outros envoltorios externos innecesarios. - Sempre que sexa posible, empregar grampas en lugar de encanutillados. - Imprimir a dúas caras en calidade “aforro de tinta”. - Non empregar folios en branco como separadores de capítulos ou partes. - Evitar anexos que non teñan referencia directa cos temas desenvolvidos.

PERSPECTIVA DE XÉNERO: En atención a criterios de igualdade de xénero no ámbito universitario, recoméndase facer uso da linguaxe non sexista tanto no traballo cotiá de aula como nos traballos académicos encomendados.

CONTA RAI: É obrigatorio que o alumnado faga uso da conta de correo rai.

FERRAMENTAS TECNOLÓXICAS INSTITUCIONAIS: É obrigatorio o uso das ferramentas tecnolóxicas institucionais: Campus Virtual, Microsoft Office 365, e outras ferramentas facilitadas pola facultade e autorizadas como ferramentas institucionais pola USC.

USO DO TELÉFONO MÓBIL: Non se poderá empregar o teléfono móbil, salvo cando se use como instrumento de traballo seguindo as indicacións dadas polo equipo docente, responsabilizándose o alumnado das consecuencias legais e académicas que poidan derivarse dun emprego non axeitado do mesmo.

PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE: Ter en conta que o proceso de ensino-aprendizaxe (clases / titorías) é de carácter privado. Neste senso, enténdese que se trata dun acto de comunicación e intercambio entre o/a docente e o estudiantado matriculado na materia.

PROTECCIÓN DE DATOS: No referido á protección de datos a normativa de referencia pode ser consultada no seguinte enlace: <https://www.usc.gal/es/politica-privacidad-proteccion-datos>.

NOTA: “Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións”.

M. Dolores Barral Rivadulla

Hª da Arte de Galicia

Nº DE CRÉDITOS:3

INTRODUCCIÓN:

Atención a la Historia del Arte galego contextualizando dentro da realidade artística da Europa Occidental da que é herdeira pero a súa vez intérprete.

OBXECTIVOS:

- Estudio das manifestacións artísticas máis relevantes da arte galega.
- Relacionar as obras conservadas en Galicia coas de outros lugares e períodos.
- Utilizar a linguaxe específica e a terminoloxía adecuada
- Establecer diferentes niveis de aproximación á obra de arte

CONTIDOS

- Galicia dende o Megalitismo ata a chegada dos Romanos
- Galicia na época Altomedieval
- A Galicia do Románico e o Gótico
- A Galicia Renacentista
- A Galicia Barroca
- A Arte contemporánea galega

METODOLOXÍA

Co obxecto de facilitar e racionalizar a impartición da materia empregaranse as seguintes técnicas:

- Clases expositivas nas que se fará a explicación dos contidos teóricos. Trátase dunha actividade presencial na aula.
- Ensino de ferramentas on line para afundir no coñecemento da materia e fomentar a exploración de recursos por parte do alumnado
- Prácticas de campo (saídas programadas de acordo cos alumnos fora da aula,. As saídas serán Ourense, Lugo, Pontevedra, podendo variar algún dos destinos)

SISTEMA DE AVALIACIÓN

Presencialidade e participación na aula: 50%. Cuestionario da materia 30%

Para acadar a Matricula de Honra ou Sobresaínte será necesario realizar un traballo

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

RODRIGUEZ IGLESIAS, F (Ed): Proyecto Galicia Arte, Hércules edicións, 7 vols, A Coruña, 1993

VÁZQUEZ VARELA, J.M. y otros.: Historia del Arte Gallego. Alhambra, Madrid, 1982.

Subiranse materiais de referencia á aula virtual

Traballaremos cos principais recursos on line da Comunidade Galega para coñecer o noso patrimonio

Observacións

ASISTENCIA A CLASE

O Consello de Goberno de 25 de marzo de 2010 aprobou a Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES (<http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/normaasistenclase.pdf>).

Na mesma expóñense os beneficios da asistencia á clase, entre eles facilita unha “mellor comprensión da materia, a adquisición de competencias en grupos e individuais, a aprendizaxe continua, a interacción directa con outros alumnos e alumnas ou a posibilidade dunha metodoloxía docente-discente máis participativa”. Cabe lembrar que a USC é unha universidade presencial, polo que a asistencia a un mínimo do 80% das sesións de clase é obrigatoria. Nos casos contemplados na normativa da Facultade, os/as alumnos/as poderán solicitar exención oficial de docencia.

ENTREGA DE TRABALLOS. Os traballos realizados polo alumnado deben entregarse, preferentemente, a través da aula virtual.

RESPONSABILIDADE MEDIOAMBIENTAL. En relación aos traballos persoais ou de grupo que se realicen para a materia cómpre ter en conta as seguintes indicacións: - Evitar tapas de plástico ou outros envoltorios externos innecesarios. - Sempre que sexa posible, empregar grampas en lugar de encanutillados. - Imprimir a dúas caras en calidade “aforro de tinta”. - Non empregar folios en branco como separadores de capítulos ou partes. - Evitar anexos que non teñan referencia directa cos temas desenvolvidos.

PERSPECTIVA DE XÉNERO: En atención a criterios de igualdade de xénero no ámbito universitario, recoméndase facer uso da linguaxe non sexista tanto no traballo cotiá de aula como nos traballos académicos encomendados.

CONTA RAI: É obrigatorio que o alumnado faga uso da conta de correo rai.

FERRAMENTAS TECNOLÓXICAS INSTITUCIONAIS: É obrigatorio o uso das ferramentas tecnolóxicas institucionais: Campus Virtual, Microsoft Office 365, e outras ferramentas facilitadas pola facultade e autorizadas como ferramentas institucionais pola USC.

USO DO TELÉFONO MÓBIL: Non se poderá empregar o teléfono móbil, salvo cando se use como instrumento de traballo seguindo as indicacións dadas polo equipo docente, responsabilizándose o alumnado das consecuencias legais e académicas que poidan derivarse dun emprego non axeitado do mesmo.

PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE: Ter en conta que o proceso de ensino-aprendizaxe (clases / titorías) é de carácter privado. Neste senso, enténdese que se trata dun acto de comunicación e intercambio entre o/a docente e o estudiantado matriculado na materia.

PROTECCIÓN DE DATOS: No referido á protección de datos a normativa de referencia pode ser consultada no seguinte enlace: <https://www.usc.gal/es/politica-privacidad-proteccion-datos>.

NOTA: “Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións”.

Luis Antonio Díaz Gómez

Medicamentos

Nº DE CRÉDITOS: 3

HORARIO (Manterase o horario do curso 22/22 se non se especifica outro distinto):

INTRODUCCIÓN:

Na actualidade, o uso de medicamentos é un feito xeneralizado, especialmente entre as persoas de idade superior a 50 anos. Por iso, encerra unha indubidable interese que estas persoas dispoñan da información necesaria para a súa correcta utilización.

OBXECTIVOS:

- Presentar unha visión xeral do medicamento.
- ·Dar a coñecer as características dos medicamentos máis utilizados.
- ·Describir as incorreccións máis frecuentes relacionadas co uso dos medicamentos.

COMPETENCIA (se procede):

- Mellora no correcto uso dos medicamentos

CONTIDOS

- Conceptos básicos: Medicamentos, fármaco, excipiente.
- Paso dos medicamentos a través do organismo.
- Efectos terapéuticos e efectos tóxicos.
- Formas de dosificación de medicamentos.
- Tipos de medicamentos: Innovadores, xenéricos, fórmulas maxistrais, etc.
- Uso racional dos medicamentos.
- Correcta administración dos medicamentos.
- Producción industrial de medicamentos: a industria farmacéutica.

METODOLOXÍA

Clase maxistral seguida de pequeno coloquio. Contémplase a proxección de vídeos.

SISTEMA DE AVALIACIÓN

- Avaliación continua ligada á asistencia a clases (50%)
- Exame (50%)

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

Tratado de Tecnología Farmacéutica, volúmenes 1-3. R. Martínez Pacheco (Ed.), Editorial Síntesis, Madrid, 2016-2017.

Observacións

ASISTENCIA A CLASE

O Consello de Goberno de 25 de marzo de 2010 aprobou a Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES (<http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/normaasistenclase.pdf>).

Na mesma expóñense os beneficios da asistencia á clase, entre eles facilita unha “mellor comprensión da materia, a adquisición de competencias en grupos e individuais, a aprendizaxe continua, a interacción directa con outros alumnos e alumnas ou a posibilidade dunha metodoloxía docente-discente máis participativa”. Cabe lembrar que a USC é unha universidade presencial, polo que a asistencia a un mínimo do 80% das sesións de clase é obrigatoria. Nos casos contemplados na normativa da Facultade, os/as alumnos/as poderán solicitar exención oficial de docencia.

ENTREGA DE TRABALLOS. Os traballos realizados polo alumnado deben entregarse, preferentemente, a través da aula virtual.

RESPONSABILIDADE MEDIOAMBIENTAL. En relación aos traballos persoais ou de grupo que se realicen para a materia cómpre ter en conta as seguintes indicacións: - Evitar tapas de plástico ou outros envoltorios externos innecesarios. - Sempre que sexa posible, empregar grampas en lugar de encanutillados. - Imprimir a dúas caras en calidade “aforro de tinta”. - Non empregar folios en branco como separadores de capítulos ou partes. - Evitar anexos que non teñan referencia directa cos temas desenvolvidos.

PERSPECTIVA DE XÉNERO: En atención a criterios de igualdade de xénero no ámbito universitario, recoméndase facer uso da linguaxe non sexista tanto no traballo cotiá de aula como nos traballos académicos encomendados.

CONTA RAI: É obrigatorio que o alumnado faga uso da conta de correo rai.

FERRAMENTAS TECNOLÓXICAS INSTITUCIONAIS: É obrigatorio o uso das ferramentas tecnolóxicas institucionais: Campus Virtual, Microsoft Office 365, e outras ferramentas facilitadas pola facultade e autorizadas como ferramentas institucionais pola USC.

USO DO TELÉFONO MÓBIL: Non se poderá empregar o teléfono móbil, salvo cando se use como instrumento de traballo seguindo as indicacións dadas polo equipo docente, responsabilizándose o alumnado das consecuencias legais e académicas que poidan derivarse dun emprego non axeitado do mesmo.

PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE: Ter en conta que o proceso de ensino-aprendizaxe (clases / titorías) é de carácter privado. Neste senso, enténdese que se trata dun acto de comunicación e intercambio entre o/a docente e o estudiantado matriculado na materia.

PROTECCIÓN DE DATOS: No referido á protección de datos a normativa de referencia pode ser consultada no seguinte enlace: <https://www.usc.gal/es/politica-privacidad-proteccion-datos>.

NOTA: “Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións”.

Mónica Rey Cabezado

Moda, Arte e Historia

Nº DE CRÉDITOS: 3

INTRODUCCIÓN:

A vinculación entre a historia da arte e a moda vai máis alá da mera evolución das formas e os estilos; este sería un punto de vista demasiado simple, que ignoraría os múltiples aspectos sociais, históricos, económicos e relixiosos que deben ir da man do estudo da indumentaria ó longo dos séculos.

A través da arte figurativa, a literatura e os principais sucesos históricos é posible afondar nos aspectos máis conceptuais da moda, os cales estiveron ligados dende o Mundo Antigo á imaxe do poder, a divindade e o simbólico.

OBXECTIVOS:

- Coñecer a evolución das prendas e as formas ó longo da historia occidental.
- Comprender a vinculación existente entre a arte e a moda.
- Analizar o uso político da moda ó longo da historia e a importancia das leis suntuarias.
- Comprender o uso da moda como un distintivo político, social e relixioso.
- Saber que a moda non é unha manifestación illada e que evoluciona en relación ós avances históricos e tecnolóxicos.
- Analizar a vinculación entre a moda e o ideal estético e artístico de cada período histórico.

COMPETENCIA (se procede):

-

CONTIDOS

- Máis alá do peplu e a toga: o tecido e a cor como configuración do poder na estatuaría grecorromana.
- Ouro, perlas e seda: a cultura do exceso no Imperio Bizantino a través do mosaico.
- O románico e a última moda "unisex": miniatura, escultura e primeiros restos téxtiles.
- Arquitectura e moda gótica: a busca dun mesmo canon en pedra e en fío.
- Nacionalismo e moda: a indumentaria e a súa significación social e política nos Códices de Traxes.
- O Renacemento: a liberdade italiana fronte o encorsetamento europeo.

- A cor negra na corte dos Austrias: ¿motivos económicos, históricos ou relixiosos?
- O retrato rococó: Francia fronte Inglaterra, da corte de Versalles á campaña británica.
- A Revolución Francesa e a Gran Renuncia Masculina
- A Rexencia: moda e costumes na literatura de Jane Austen.
- O Romanticismo: calquera tempo pasado é mellor... tamén na moda.
- A Revolución Industrial: o aceiro como protagonista do novo canon feminino (1855-1865).
- Pintoras impresionistas: unha visión persoal do espazo e as prendas femininas.
- Diseñadores e artistas: as Vangardas do século XX como campo para a experimentación téxtil.
- ¿A moda é un arte?: os desfiles como performance no século XXI.

METODOLOXÍA

Co obxecto de facilitar e racionalizar a comunicación da materia empregaranse as seguintes técnicas:

- Clases expositivas nas que se fará a explicación dos contidos teóricos.
- Ensino de ferramentas on line para afundir no coñecemento da materia e fomentar a exploración de recursos por parte do alumnado

SISTEMA DE AVALIACIÓN

Asistir de forma presencial e participar na aula. Cuestionario da materia

Traballo individual para acadar o sobresaínte ou matrícula de honra.

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

Bard, C. (2012), Historia política del pantalón. Barcelona: Tusquets.

Bernis, Carmen(1978). Trajes y modas en la España de los Reyes Católicos, Madrid, Instituto Diego

Boucher, F., Deslandres, Y., & Aufrère, S. (2009). Historia del traje en Occidente: desde los orígenes hasta la actualidad. Gustavo Gili.

Collado, M.R., Nacional, M. and Romanticismo, D. (2020): La mujer se viste para el deporte: los orígenes de la indumentaria deportiva femenina en España, Museo del Romanticismo, Madrid.

Cumming, V. (2021). Understanding fashion history. Batsford Books.

- Davidson, H. (2019). Dress in the age of Jane Austen: Regency fashion. Yale University Press.
- Flügel, J.C. (2015). Psicología del vestido. España: Melusina.
- Laver, J. (2006). Breve historia del traje y la moda. Madrid: Cátedra, Ensayos de Arte.
- Lipovetsky G. (1990). El imperio de lo efímero. Madrid: Album Letras Artes, S.A.
- Matthews David, A. (2017). Fashion Victims. The dangers of Dress Past and Present. Londres: Bloomsbury.
- Molpeceres, A. V. (2021). Historia de la moda en España: de la mantilla al bikini. Los libros de la Catarata.
- Orellana, R.P. (2009). Historia de la moda en España: el vestido femenino entre 1750 y 1850. Almuzara.
- Pena González, P. (2019). La moda en la Primera Guerra Mundial. España: Alepín.
- Riello, G. (2016). Breve historia de la moda. Editorial Gustavo Gili.
- Ribeiro, Aileen (2016). Clothing Art, the visual culture of fashion, 1600-1914, Yale University Press.
- Simon, M., Westwood, V. and Jephcott, E. (1995). Fashion in art: The second empire and impressionism. Zwemmer London.
- Soto, C. (2020). Vestuario, desde la Prehistoria hasta roma, ViveLibro.

Observacións

ASISTENCIA A CLASE

O Consello de Goberno de 25 de marzo de 2010 aprobou a Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES (<http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/normaasistenclase.pdf>).

Na mesma expóñense os beneficios da asistencia á clase, entre eles facilita unha “mellor comprensión da materia, a adquisición de competencias en grupos e individuais, a aprendizaxe continua, a interacción directa con outros alumnos e alumnas ou a posibilidade dunha metodoloxía docente-discente máis participativa”. Cabe lembrar que a USC é unha universidade presencial, polo que a asistencia a un mínimo do 80% das sesións de clase é obrigatoria. Nos casos contemplados na normativa da Facultade, os/as alumnos/as poderán solicitar exención oficial de docencia.

ENTREGA DE TRABALLOS. Os traballos realizados polo alumnado deben entregarse, preferentemente, a través da aula virtual.

RESPONSABILIDADE MEDIOAMBIENTAL. En relación aos traballos persoais ou de grupo que se realicen para a materia cómpre ter en conta as seguintes indicacións: - Evitar tapas de plástico ou outros envoltorios externos innecesarios. - Sempre que sexa posible,

empregar grampas en lugar de encanutillados. - Imprimir a dúas caras en calidade “aforro de tinta”. - Non empregar folios en branco como separadores de capítulos ou partes. - Evitar anexos que non teñan referencia directa cos temas desenvolvidos.

PERSPECTIVA DE XÉNERO: En atención a criterios de igualdade de xénero no ámbito universitario, recoméndase facer uso da linguaxe non sexista tanto no traballo cotiá de aula como nos traballos académicos encomendados.

CONTA RAI: É obrigatorio que o alumnado faga uso da conta de correo rai.

FERRAMENTAS TECNOLÓXICAS INSTITUCIONAIS: É obrigatorio o uso das ferramentas tecnolóxicas institucionais: Campus Virtual, Microsoft Office 365, e outras ferramentas facilitadas pola facultade e autorizadas como ferramentas institucionais pola USC.

USO DO TELÉFONO MÓBIL: Non se poderá empregar o teléfono móbil, salvo cando se use como instrumento de traballo seguindo as indicacións dadas polo equipo docente, responsabilizándose o alumnado das consecuencias legais e académicas que poidan derivarse dun emprego non axeitado do mesmo.

PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE: Ter en conta que o proceso de ensino-aprendizaxe (clases / titorías) é de carácter privado. Neste senso, enténdese que se trata dun acto de comunicación e intercambio entre o/a docente e o estudiantado matriculado na materia.

PROTECCIÓN DE DATOS: No referido á protección de datos a normativa de referencia pode ser consultada no seguinte enlace: <https://www.usc.gal/es/politica-privacidad-proteccion-datos>.

NOTA: “Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións”.